

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAÍS
DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR
- A.M.I.P.A. -



CAPÍTULO I
DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.- Modificación dos Estatutos

1º.- Procédese á modificación dos Estatutos da Asociación denominada ASOCIACIÓN DE NAIS E PAÍS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR. -A.M.I.P.A.-, con nº no Rexistro Provincial de Asociacións sen ánimo de lucro 4.641 e C.I.F G-15611536.

2º.-A Asociación rexerase polos presentes Estatutos, pola Lei orgánica 1/2002 do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2º.- Son fins principais da Asociación:

A integración social e laboral de persoas con discapacidade intelectual, así como as persoas que sen ser definidas como tal, reúnan un conxunto de características polas que necesiten apoio dos servizos ou programas que se estean desenvolvendo desde AMIPA para a mellora da súa calidade de vida.

En todo caso, a actividade da asociación estará aberta a calquera persoa beneficiaria que reúna os requisitos legais e estatutariamente previstos, avaliándose o seu acceso en función da capacidade dos recursos da asociación e da sostibilidade da mesma.

Artigo 3º.- Para a realización dos fins propostos, a ASOCIACIÓN DE NAIS E PAÍS DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL DA COMARCA DO SAR, poderá promover, potenciar, apoiar, respaldar, coordinar e organiza-las seguintes actividades:

- a) Practicar toda clase de estudos, investigacións e traballos de aplicación directa en tódalas facetas da vida das persoas con discapacidade.
- b) Accións informativas,formativas e de orientación social e educativa, dirixidas ós pais/nais e titores/as das persoas ás que fai referencia o artigo anterior.
- c) Creación de centros ocupacionais e centros especiais de emprego, ou impulso dos xa creados, para a formación profesional e adaptación social das persoas con discapacidade.
- d) Desenvolver servicios ocupacionais e laborais que favorezan a integración social e laboral das persoas con discapacidade, a través do emprego con apoio en empresas ordinarias ou mediante enclave laborais.
- e) Venta de produtos e prestación de servizos, destinado á promoción integral das persoas con discapacidade.
- f) Creación de centros de día, residencias, vivendas de convivencia e tuteladas ou impulso dos xa creados para a atención integral das necesidades das persoas con discapacidade e dos membros das súas unidades familiares.

- g) Actividades terapéuticas e rehabilitadoras, favorecedoras do desenvolvimento da autonomía persoal e social.
- h) Actividades culturais, sociais, deportivas e de ocio e tempo libre en xeral.
- i) Promoción de proxectos medioambientais, ecolóxicos e de desenvolvemento sostible.
- j) E calquera outra actividade que axude ao cumprimento dos seus fins

Como Asociación sen ánimo de lucro, destinaranse ós devanditos fins, polo menos o setenta por cento das rendas netas, e outros ingresos que se obteñan por calquera concepto exceptuándose as contribucións efectuadas en concepto de dotación patrimonial. As persoas asociadas e os familiares non serán os principais destinatarios das actividades realizadas pola Asociación.

Artigo 4º.- O enderezo principal e permanente da Asociación radicará na localidade de Padrón (A Coruña), en Campo do Souto s/n, C.P. 15900. Teléfono e fax: 981.81.72.02.

Artigo 5º.- A Asociación en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comarca do Baixo Sar que comprende os Concellos de Padrón, Rois e Dodro.

Artigo 6º.-

1. A duración desta Asociación é de carácter indefinido e só se disolverá conforme a estes Estatutos, pola vontade das persoas asociadas expresada en Asemblea Xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
2. A Asociación rexerá segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

CAPÍTULO II DAS SOCIAS E SOCIOS
--



Artigo 7º.- Poderán ser integrantes da Asociación todas aquelas persoas físicas ou xurídicas, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

- a. Ser nais, pais ou tutores de persoas con discapacidade intelectual, ou das persoas que sen ser definidas como tal, reúnan un conxunto de características polas que necesiten apoio dos servicios ou programas que se estean desenvolvendo desde AMIPA
- b. Ser persoas físicas ou entidades colaboradoras ou protectoras admitidas.

Artigo 8º.- Dentro da Asociación poderán existir las seguintes clases de socias e socios:

- a) **Fundadoras/es**, aqueles pais ou tutores que subscribieron a Acta Fundacional da Asociación AMIPA.
- b) **De número**, aqueles pais ou tutores que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.
- c) **Protectores/as ou colaboradores**, os que contribúan ó sostento da Asociación.

- d) De honra, aquelas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ó desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 9º.- As socias e socios teñen os seguintes dereitos:

1. Tomar parte nas Asembleas con voz e voto.
2. Poder elixir e ser elixidos para cargos directivos.
3. Tomar parte en cantas actividades organice a Asociación en cumprimento dos seus fins.
4. Gozar de tódalas vantaxes e beneficios que a Asociación poda obter.
5. Ter copia destes Estatutos.
6. Ser informados sobre a composición da Xunta Directiva.
7. Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
8. Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde a mellora-lo cumprimento dos fins da Asociación.
9. Que se lle poña de manifesto o estado de contas e ingresos e gastos da Asociación tódolos anos, así como o desenvolvemento da súa actividade.

Artigo 10º.- Son obrigas das socias e socios:

1. Prestar cantos servicios determinen os Estatutos, o Regulamento de Réxime Interno e os acordos das Asembleas Xerais.
2. Desempeña-los cargos para os que foron elixidos.
3. Asistir ás Asembleas Xerais.
4. Satisfacer as cotas que se establezan.
5. Observar unha boa conducta individual e cívica.
6. Cumpri-los acordos da Asemblea Xeral e o contido dos Estatutos.



Artigo 11º.- As socias e socios de honra e protectores ou colaboradores non intervirán na dirección da Asociación nin nos órganos de representación da mesma, pero están facultados para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 12º.- Os acordos de admisión de socias e socios tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición escrita da persoa que deseja ser admitida.

Artigo 13º.- A condición de socia e socio pérdese:

1. Por vontade propia.
2. Por falta de pago nas cotas.
3. Por realización de accións que perxudiquen gravemente ós intereses da Asociación.
4. Por expediente disciplinario.

Artigo 14º.- A expulsión de socias e socios será acordada pola Xunta Directiva, previa audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

Cando a baixa se produza por vontade dun/unha asociado/a, este/a deberá realizar unha petición escrita e procederá ó aboamento previo de tódalas cotas que teña pendentes.

Artigo 15º.- As persoas asociadas poderán pedir a separación temporal por escrito.

A Xunta Directiva poderá acordar-la separación temporal dun asociado ou dunha asociada cando se está tramitando un expediente sancionador, ou concorran causas xustificados que o aconsellen, tales como o atraso no pago dalgúnha cota, ou comportamentos que afecten a boa marcha dalgún dos fins da

Asociación. O expediente sancionador recollerase no Regulamento de réxime interno, pero en todo caso a Resolución poderase recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 16º.- A dirección e administración da Asociación serán exercidas pola/o Presidenta/e, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- A/o Presidenta/e da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra.

A/o Presidenta/e será designado pola Asemblea Xeral entre socias e socios que teñan polo menos 1 ano de antigüidade e o seu mandato durará 4 anos.

A XUNTA DIRECTIVA



Artigo 18º.- A Xunta Directiva estará formada por un Presidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e tres vocais, cargos que deberán recaer en persoas asociadas que levan polo menos un ano na Asociación.

Artigo 19º.- Os cargos que componen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados, e deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade por si mesmos ou por persoa interpuesta.



Elixiranse pola Asemblea Xeral os cargos e durarán un período de 4 anos, áinda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

Os cargos cesarán na súa función por pasamento, renuncia voluntaria, e por transcurso do prazo para o que foron elixidos. A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ó cese automático, senón que deberase facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ó día da persoa sucesora ou ben esperar ata que a Xunta Directiva nomee temporalmente a unha substituta se se trata de renuncia voluntaria.

Artigo 20º.- É función da Xunta Directiva programar e dirixi-las actividades asociativas e levar a xestión administrativa e económica da Asociación, someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.

Así mesmo procederá a convocar e fixa-la data da Asemblea Xeral, fixa-las cotas ordinarias e extraordinarias que se aproben, designa-las Comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Asociación, dictar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral. Correspondelalle tamén todas aquelas outras actividades que lle sexan transferidas pola Asemblea.

Artigo 21º.- A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o/a Presidente/a, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Será presidida polo/a Presidente/a e, na súa ausencia polo/a Secretario/a ou Tesoureiro/a, por esta orde, e, a falta de ambos/as, polo membro da Xunta que teña máis idade.



4

Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos deberán ser adoptados pola mayoría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, do 75% dos seus membros. No caso de empate decidirá o voto do Presidente.

O/a secretario/a levantará acta das sesións, que se transcribirá ó libro de actas.

Artigo 22º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar das mesmas as informacións necesarias. Formarán parte, ademais, das ditas comisións o número de vocais que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes. Cando as necesidades o aconsellen, a Xunta Directiva poderá acordar que as comisións se desdobren en subcomisións.

A ASEMBLEA XERAL

Artigo 23º.- A Asemblea Xeral de persoas asociadas é o órgano de expresión da vontade da Asociación e estará formada por tódolos integrantes da mesma. O/a Presidente/a e o/a Secretario/a da Asemblea serán as mesmas persoas que as da Xunta Directiva.

Artigo 24º.- A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario como mínimo unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% das persoas asociadas. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido ó/a presidente/a, autorizado coas firmas das persoas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 25º.- A Asemblea Xeral ordinaria reunirase necesariamente dentro dos seis primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da Asociación para as Asembleas Ordinarias e no domicilio dos asociados para as Asembleas extraordinarias.

Artigo 26º.- Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

1. Aproba-la acta da reunión anterior.
2. Aproba-lo plan de actividades.
3. Examinar e aproba-la memoria de actividades.
4. Examinar e aproba-las contas e balances do exercicio anterior.
5. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio.
6. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 27º.- Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

1. Modifica-los Estatutos da Asociación.
2. Elixilo integrantes da Xunta Directiva.
3. Aproba-la federación con outras Asociacións.
4. Autoriza-lo alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acorda-la disolución da Asociación.
6. Designa-los/as liquidadores/as.
7. Ratifica-la expulsión de persoas asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicita-la declaración de utilidade pública da Asociación.
9. Aproba-lo regulamento de réxime interno da Asociación.



Carmen Rodríguez

Clara Lobo

EM

NP
M

10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan esperar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a Asociación.

11. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 28º.- Para que as assembleas poidan tomar acordos, integraranse polas socias e socios asistentes, sempre que concorran a metade máis un do total na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes.

Artigo 29º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioria simple das persoas asistentes ou representadas, excepto os relativos os apartados 1 ó 7 do artigo 27, que requirirán maioria de dous tercios. A continuación levaranse os acordos ó libro de Actas e asignara o/a Presidente, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada por maioria.

Artigo 30º.- Os acordos adoptados conforme os preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o/a Presidente/a. Seguidamente procederse por parte da Secretaria/o á lectura da acta da Asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente a Secretaria/o procederá a tratar a orde do dia. Cada punto será informado polo membro da Xunta directiva que lle corresponda, procedéndose a aprobación nos termos contidos nestes Estatutos, segundo a materia de que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do dia se procederá, se a presidencia o considera oportuno ou o solicitan un 10% das persoas asociadas inscritas no libro de membros, a facer unha quenda de rogos e preguntas e adopción de acordos, concluído o que se levantarán a sesión por parte do/a Presidente/a.

Artigo 31º.- Os acordos que vaian contra estes Estatutos ou infrinxan os fins da Asociación poderán ser recorridos en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 32º.- O/a Presidente/a da Xunta Directiva terá, ademais das facultades consignadas no artigo 17º (o/a Presidente/a da Asociación asume a representación legal da mesma e executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, presidindo as sesións que celebre unha e outra), as seguintes atribucións:

- a) Presidir e levanta-las sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixi-las deliberacións dunha e outra, decidindo con voto de calidade, en caso de empate.
 - b) Propoñelo plan de actividades da asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
 - c) Ordena-los pagamentos acordados validamente.
 - d) Representa-la Asociación perante calquera organismo público ou privado.
 - e) Firma-las actas, certificados, pagos e outros documentos da Asociación xunto co/a Secretario/a ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.



Artigo 33º.- O/a Secretaria/o:

- a) Recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso
- b) Levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da Entidade
- c) Notifica-las convocatorias e custodia-las actas e expedir certificacións das mesmas co visto e prace do/a Presidente/a
- d) Levar o inventario dos bens da asociación nun libro establecido ó efecto

Artigo 34º.- O/a Tesoureira/o

- a) Recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación
- b) Dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o/a Presidente/a
- c) Dirixirá a contabilidade da Asociación
- d) Tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos associativos
- e) Participan en tódalas operacións de orde económico



O/a Tesoureira/o ten a obriga de proceder ó peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da Asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 35º.-As Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeña-los traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 36º.- A Asociación no momento de inicia-las súas actividades non dispón de patrimonio inicial. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 37º.- A Asociación funcionará en réxime de presuposto anual. O borrador de presupuesto será elaborado pola/o Tesoureira/o da Asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poda ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 38º.- A Asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas das persoas asociadas
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 39º.- As cotas ordinarias acórdanse pola Asemblea Xeral ordinaria, a proposta da Xunta Directiva non sendo reintegrables en caso algúun e dedicándose a atende-las necesidades da Asociación.

Artigo 40º.- Anualmente con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas

Carmen Rodríguez Clara Secco

José V. Pérez 7

asociadas durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 41º.- Anualmente no tempo que establece o artigo 25 será aprobado o orzamento pola Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 42º.- Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a Asociación teña depositados os mesmos, terán recoñecidas as sinaturas na entidade bancaria correspondente o/a Presidente/a e o Tesoureiro/a, para a utilización conxunta deles.

Artigo 43º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre das persoas asociadas os recursos obtidos pola Asociación.



CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 44º.- O Regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes Estatutos, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado nos mesmos. En todo caso o funcionamento interno da Asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 45º.- Os presentes Estatutos poderán ser modificados a proposta da Xunta Directiva ou o 25% dos socios. A convocatoria da Asemblea Xeral extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abrindose un prazo de 7 días para calquera persoa asociada poida dirixir á Secretaría as propostas e emendas que estime oportunas. Estas complementarán a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días á realización da mesma.

Artigo 46º.- Para ser aprobada a reforma dos Estatutos será necesario o voto favorable dos 2/3 dos membros da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 47º.- A Asociación disolverase polas seguintes causas:

1. Pola vontade dos asociados/as acordada polas 2/3 partes dos mesmos/as
2. Por outras causas determinadas legalmente
3. Por sentencia xudicial

Artigo 48º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral extraordinaria designará tres persoas asociadas liquidadoras, que xunto o/a Presidente/a, Tesoureiro/a procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 49º.- O patrimonio resultante en caso de disolución destinarase na súa totalidade a algunha das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenazgo aos efectos previstos nos artigos 16 a 25, ambos inclusive, da Lei 49/ 2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades

sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenazgo e que estean dedicadas e persoas con discapacidade intelectual e á realización de fins de interese xeral análogos aos da presente Asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da Asociación.

Os presentes estatutos quedaron redactados coa inclusión das modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria do día 14 de xaneiro de 2011 e substitúen aos anteriores inscritos.



INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 4641-1^o

Inscrita a la modificación por resolución do ... 6
de abril de 20 11
soamente para os efectos de publicidade de
conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo
16 da L.O. 1/2002

O/A responsable do Rexistro

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Carmen Rodríguez'.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Carmen Rodríguez'.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Carmen Rodríguez'.

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Carmen Rodríguez'.

A cluster of handwritten signatures in black ink, including 'Carmen Rodríguez', 'Natalia', and 'Eduardo'.